

O gran conversador

JORGE CASANOVA

Manuel María era un mito. Máis alá da súa obra, foi un personaxe esencial na sociedade de Monforte. Lois Pereiro era o poeta maldito, e Manuel o poeta do que a cidade se sentía orgullosa. Pola mañá ía ao xulgado, pola tarde agochábase no seu recuncho da tenda de Sargadelos onde recibía a todo o mundo. E pola noite, paseaban coa Saleta a paso lixeiro pola rúa do Cardenal. Apenas cen metros que cruzaban unha e outra vez nun exercicio que tiña por único obxectivo mellorar a saúde dun home que nunca me pareceu enfermo máis alá de cando botaba unha **pipada** clandestina ao cigarro sempre e cando non o poidera ver a súa muller. A cidade sufriu cando marchou. Na colectividade que perdía o seu patriarca cultural. E no persoal os que algunha vez tivemos a sorte de compartir a súa conversa. Porque Manuel María por riba de todo, eu lémbroo como un conversador único, fascinante, hipnótico. Inesquecible.
